

UNIDADE
DIDÁCTICA:

**EMBARCACIONES
TRADICIONAIS
GALEGAS**

Xustificación:

Ao longo do tempo o home relacionouse co mar e adentrouse nel grazas os barcos, que lle proporcionaron descubrimentos de outros “Mundos” e culturas. Neste tema imos ser moito máis modestos e abordarémolo falando das embarcacións tradicionais dedicadas a necesidade primaria do sustento e a de gañarse a vida, día a día, no noso litoral.

Sendo Vigo unha cidade pesqueira por antonomasia, pensamos que é importante cos/cas alumnos/as do segundo Ciclo de Primaria deberían botar unha ollada as súas augas e enrolarse nese “mundo” dos barcos, “navegando a toda vela”; pois é importante o coñecemento para saber valorar o noso transcorrer da vida a carón do mar.

Obxectivos:

- Estimar a importancia do mar nas nosas vidas e na de os/as nosos/as devanceiros/as.
- Tomar conciencia da necesidade de protexer o mar.
- Valorar o legado dos nosos ancestros a través das embarcacións tradicionais.
- Coñecer os distintos tipos de embarcacións.
- Coñecer a relación das embarcacións coas artes de pesca e capturas.
- Ampliar o vocabulario das embarcacións, as artes de pesca e as especies marítimas.
- Distinguir os diferentes tipos de barcos tradicionais a través das súas características.
- Aprender de forma lúdica e dinámica.
- Aprender a discernir partindo da asociación.
- Traballar de xeito cooperativo.

Contidos:

Actitudinais:

- Estimación da importancia do mar nas nosas vidas e cultura.
- Concienciación da necesidade de protexer o mar como un ben de todos/as.
- Valoración do legado dos nosos ancestros como parte do noso patrimonio cultural.

Conceptuais:

- Coñecemento de:
 - a) Características das diferentes embarcacións.
 - b) Capturas máis comúns segundo o tipo de barca tradicional.
 - c) Artes de pesca empregadas en relación coas diferentes embarcacións.
 - d) Zonas de influencia (onde faenan).
- Ampliación do vocabulario partindo de:
 - a) Nomes das diferentes embarcacións.
 - b) Nomes das diferentes especies mariñas.
 - c) Nomes das distintas artes de pesca.

Procedementais:

- Aprendizaxe aplicando a información asimilada.
- Distinción das embarcacións partindo das súas características propias mediante asociación.
- Aprendizaxe a través das actividades lúdicas.
- Asimilación do cooperativismo a través do traballo en equipo.

Tipos de Embarcacións Tradicionais e Características:

- **Características Xerais:**

As embarcacións tradicionais son un legado dos nosos ancestros e algunhas delas estiveron a piques de “fencer”.

Grazas as asociacións concienciadas de mariñeiros volven a rexurdir, polo menos, como patrimonio da nosa cultura. Estes barcos dedicábanse a pesca artesanal de baixura, aínda que tamén adentrábanse en alta mar. Eran embarcacións sinxelas, de feitura tamén artesanal e movidas por remos ou a vela. As capturas máis comúns consistían en: pescadas, fanecas, congros, barbadas, xurelos, sardiñas, moluscos e marisco. Os aparellos de pesca ou captura máis empregados eran os trasmallos e nasas aínda que tamén facíase con palangre, xeito, liña, etc.

- **Tipos de Embarcacións**

Dorna xeiteira, gamela curuxeira, gamela guardesa, bote polbeiro, buceta e racú.

- **Dorna:** As dornas teñen unha incerta orixe histórica. Tal vez sobreviviron grazas a que son moi mariñeiras. Estas embarcacións abundan nas Rías Baixas. Hai diferentes tipos de dornas, unha delas é a xeiteira; que dedicábase fundamentalmente a pesca da sardiña, practicando a arte do xeito.



Dorna Xeiteira



Dorna Naseira

- **Gamela:** As gamelas son típicas do sur de Galicia e norte de Portugal. Entre elas podemos mencionar a guardesa e a coruxeira. A da Guarda (guardesa) é antiga e non se coñece a súa orixe. As súas características fana apta, incluso, para a pesca en mar aberto e ten unha varada doada.

Dedicábase a todo tipo de pesca, empregando toda clase de artes. A gamela coruxeira (de Coruxo) é unha evolución da gamela guardesa con características propias coma os corredores en cuberta que a fan máis lixeira e resistente. Ata os anos oitenta levaba poutada para o fondeo. Era unha embarcación de artes menores (aparello, nasas, liña, etc) moi estendida na Ría de Vigo.



Gamela Coruxeira



Poutada para o fondeo

- **Bote polbeiro:** Esta embarcación era moi estable, forte e pesada. Foi moi emblemática en Bueu e nestes botes practicábase a pesca do polbo a cordel. A súa morfoloxía facíao moi lento na navegación, tanto a vela como a remo e iso puido ser unha das causas da súa práctica desaparición nos anos 60; substituíndose pola dorna polbeira, moito máis lixeira.



Bote Polbeiro

- **Buceta:** As bucetas eran moi coñecidas en toda a costa galega, pero é na Ría de Muros e Noia onde tiveron maior representatividade. A característica principal da súa morfoloxía era a similitude entre proa e popa e o seu casco era estreito e alongado. A súa lixeireza facíaa apta para navegar a remo e si se lle aparelaba con vela, o mesmo podía levar a latina ca vela ao terzo. As artes de pesca que máis practicaba eran a liña ou a palangre.



Buceta

- **Racú:** É unha Evolución da traíneira e da dorna xeiteira galega. A súa zona de influencia, máis notable, son as Rías Baixas. Ten unha proa case vertical. A cuberta e a popa son pechadas; sendo a característica que mellor a define a súa popa redonda. Utilizábase principalmente na pesca da sardiña practicando a arte do xeito.



Racú

Glosario:

Referido ás embarcacións:

- Eslora: Medida interior dun barco na cuberta dende a proa a popa.
- Manga: Parte máis ancha da embarcación.
- Proa: Parte dianteira dunha embarcación.
- Popa: Parte traseira dunha embarcación.
- Quilla ou Carena: Parte do casco do barco.
- Estribor: Banda dereita dunha embarcación.
- Babor: Banda esquerda dunha embarcación.
- Varada: Poñer a embarcación en seco.
- Poutada: Especie de áncora en forma de cruz cunha pedra ou algo pesado no medio que empregábase en certas artes de pesca.

Artes de pesca:


- Trasmallo: Arte de pesca formada por tres redes que se cala con pedras ou chumbos.
- Xeito: Arte de pesca da sardiña.
- Palangre ou pinchol: Arte de pesca para capturar pescadas con pincho.

Actividades:

Lingua:

- *Escribe no encrucillado as palabras que corresponden as seguintes definicións:*

1. Corpo dun navío sen mastros nin aparellos.
2. Medida interior dun barco na cuberta dende a parte dianteira á traseira.
3. Especie de áncora para o fondeo.
4. Parte traseira dunha embarcación.
5. Parte dianteira dunha embarcación.
6. Medida da parte máis ancha dunha embarcación.



- **Buscar na sopa de letras as seguintes palabras referidas as artes de pesca:**

Artes de pesca

L	H	N	J	V	F	K	P	W	H
K	N	T	W	M	C	V	O	P	E
Ñ	A	R	N	C	S	T	P	W	H
X	S	A	X	I	I	K	A	A	U
M	A	S	W	E	X	L	L	M	L
T	Y	M	X	Z	M	I	A	M	O
Y	P	A	E	H	U	Ñ	N	O	D
I	N	L	W	Q	P	A	G	S	S
K	F	L	N	K	V	H	R	S	Q
D	O	O	W	E	H	G	E	S	K

liña
nasa
palangre
trasmallo
xeito

- **Busca na sopa de letras as palabras referidas as diferentes capturas:**

Tipo de peixes

D	F	B	Q	C	U	V	P	X	W
F	C	S	K	L	F	E	K	A	D
A	G	O	Ñ	Y	S	K	Ñ	F	O
N	J	X	N	C	W	I	C	U	Q
E	B	X	A	G	D	F	W	P	Ñ
C	L	D	P	R	R	W	T	Q	I
A	A	Ñ	A	Ñ	Y	O	Z	K	M
B	J	S	T	J	X	U	R	E	L
J	B	A	R	B	A	D	A	O	T
N	X	R	Y	I	C	F	Y	E	X

barbada
congro
faneca
pescada
sardiña
xurel

Para atopar as palabras fixédevos que están situadas de forma ascendente e descendente, tanto en diagonal, vertical e horizontal.

- **Ordena alfabeticamente as seguintes palabras:** Vela, trasmallos, quilla, liña, xurel e sardiña.
- **Construí diferentes tipos de oracións:** Enunciativas, exclamativas e interrogativas, suliñando o suxeito e predicado de distinta cor.

Plástica:

Colorea o seguinte debuxo.



- **Recortar e tratar de montar o puzzle.**



Metodoloxía:

- Pódese facer como un proxecto, realizando actividades referidas ao tema contemplando as diferentes áreas (lingua, matemáticas, plástica, etc).
- Unha metodoloxía dinámica.
- Unha metodoloxía asociativa partindo da relación para captar as peculiaridades.
- Cooperativa contemplando distintos niveis dentro do traballo en equipo.
- Lúdica, a través de actividades que incentiven aos alumnos/as.

Avaliación:

Comprobación do índice de asimilación dos obxectivos propostos e os seus contidos nos diferentes niveis: conceptuais, actitudinais,....

Recursos:

- ✓ Ordenador (búsqueda de información)
- ✓ Láminas.
- ✓ Libros.
- ✓ Cartolinas.
- ✓ Pinturas...

Artes de pesca

P	A	L	A	N	G	R	E	X	
	L	I	Ñ	A			E	N	
						I		A	
					T			S	
				O				A	
T	R	A	S	M	A	L	L	O	

liña
nasa
palangre
trasmallo
xeito

Tipo de peixes

							P		
F	C					E		A	
A		O			S		Ñ		
N			N	C		I			
E			A	G	D				
C		D		R	R				
A	A		A			O			
		S			X	U	R	E	L
	B	A	R	B	A	D	A		

barbada
congro
faneca
pescada
sardiña
xurel